

MOCIÓN DE AER SOBRE O EDIFICIO FENOSA

PLENO 31 MAIO 2012. ACTA 9/2012

ANTECEDENTES.-

Moción presentada polo Grupo Municipal de Agrupación Electores de Redondela, no Rexistro Xeral do Concello, con data 25 de maio de 2012, que transcrita dí:

“Ante a situación actual do antigo edificio de FENOSA, sito no Paseo da Xunqueira, nº 6, xa que actualmente o seu estado é totalmente ruinoso e o edificio amosa desperfectos no tellado, co conseguinte perigo de desprendemento de tellas que poderían impactar contra os viandantes, ventás rotas e outros signos que evidencian que se atopan en ruinas. Por este motivo e data a ubicación estratéxica na que se atopa, a Agrupación Electores de Redondela, solicita:

Que o equipo de Goberno, faga as xestións oportunas para converter o espazo que ocupan estas instalacións nunha zona verde ou de equipamento para uso dos veciños de Redondela, xa que a noso entender FENOSA non lle está a dar uso a esta edificación, tendo en conta o estado ruinoso no que se atopa.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, a Corporación en votación ordinaria e por unanimidade sendo vinteún votos a favor (10 do PP, 8 do PS de G-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) acordou aprobar a moción de AER transcrita.-